

LORENZO REXEITA AS ACUSACIÓNS DO EDITOR E REITERA O SEU APOIO AO GALARDÓN

# Escritores e editores “lamentan” que Pillado deixe o premio Repsol

As asociacións seguirán a enviar representantes para o xurado do certame de narrativa curta

H. PENA

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación Galega de Editores (AGE) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) declaran o seu “respeito” polo labor de Francisco Pillado como coordinador do Premio Narrativa Breve que convoca a Fundación Repsol e “lamentan” que se prescinda da súa figura. O director da editorial Laiemento denunciou onte en Xornal que xa non ocupaba o cargo de coordinador do certame convocado pola petroleira polos seus “desencontros” con Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística.

O propio Lorenzo afirmou en declaracions a este diario que “en ningún momento” lle fixo nada a Francisco Pillado, e apuntou que a Xunta de Galicia seguirá a dar apoio institucional a un premio no que “quen manda realmente é Repsol”. A Real

Academia Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Galega de Editores integran o xurado dun certame dotado con 9.000 euros e que este ano celebrará a súa quinta edición.

Manuel Bragado, presidente da asociación de editores, expresou a súa “solidariedade” cara a un profesional como Pillado, a quen “admirá”. Con respecto á continuidade do colectivo que encabeza no certame literario, apuntou que “a asociación aínda ten que valoralo pero, en principio, non hai ningún problema con seguir”.

#### UN CERTAME “IMPORTANTE”

Nunha liña similar á de Bragado expresouse Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. “Dende a AELG lamentamos que se prescinda dun home como Francisco Pillado, un home que axudou a que o Premio Narrativa Breve de Repsol teña o prestixio que ten hoxe”.

Cesáreo Sánchez tamén engadiu que “sinte” que Pillado non vaia estar máis á fronte do certame “por todo o que pode chegar ao premio”. Asimade, o presidente da AELG confirmou que a súa asociación está de

novo convidada a enviar un representante para que forme parte do xurado do galardón literario.

Tras falar co Consello Directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez dixo a Xornal que mentres o Premio Repsol “defenda os valores” que eles pensan que debe asumir, seguirán a enviar un representante ao xurado.

O secretario xeral asegura que “en ningún momento” lle fixo nada a Pillado

“O Consello Directivo pensa que neste momento que está a atravesar a cultura galega é importante apoiar premios como o de narrativa Repsol, xa que axudan a visibilizar a nosa cultura”, indicou Sánchez, que concluiengadindo que a AELG defende a existencia do “máximo respeito” entre as institucións. ■

[www.xornal.com](http://www.xornal.com)

Opina sobre o ‘affaire’ entre Anxo Lorenzo e Francisco Pillado na nosa web



O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo

OLALLA LOJO